

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DA PRESIDENCIA E PARA AS ADMINISTRACIÓN TERRITORIAIS

**1830** *Real decreto 60/2018, do 9 de febreiro, polo que se modifica o Real decreto 1932/1998, do 11 de setembro, de adaptación dos capítulos III e V da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, ao ámbito dos centros e establecementos militares.*

A disposición adicional novena da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, prevé a adaptación normativa do disposto na dita lei ás exixencias da defensa nacional, ás peculiaridades orgánicas e ao réxime vixente de representación do persoal nos establecementos militares. En virtude deste mandato aprobouse o Real decreto 1932/1998, do 11 de setembro, de adaptación dos capítulos III e V da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, ao ámbito dos centros e establecementos militares.

A disposición derradeira primeira.1.c) do Real decreto 67/2010, do 29 de xaneiro, de adaptación da lexislación de prevención de riscos laborais á Administración xeral do Estado, na redacción dada polo Real decreto 1084/2014, do 19 de decembro, dispón que o Goberno, por proposta dos ministerios de Defensa e de Facenda e Administracións Públicas, adaptará o Real decreto 1932/1998, do 11 de setembro, de adaptación dos capítulos III e V da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, ao ámbito dos centros e establecementos militares.

Este real decreto ten por obxecto adaptar a normativa específica de prevención de riscos laborais do persoal civil en establecementos militares, regulada no Real decreto 1932/1998, do 11 de setembro, ao establecido na normativa de prevención de riscos laborais do persoal da Administración xeral do Estado, que se regula no Real decreto 67/2010, do 29 de xaneiro. En concreto, a necesidade da dita adaptación vén motivada polas modificacións que o Real decreto 1084/2014, do 19 de decembro, introduciu no citado Real decreto 67/2010, do 29 de xaneiro, en relación cos delegados de prevención e cos comités de seguridade e saúde. Pola súa vez, as ditas modificacións derivaron, fundamentalmente, do Acordo da Mesa Xeral de Negociación da Administración Xeral do Estado, adoptado o 29 de outubro de 2012, sobre asignación de recursos e racionalización das estruturas de negociación e participación.

Todo iso motiva esta modificación do real decreto, que afecta os artigos 4, 6 e 7. Así, no artigo 4 inclúese como novidade que os delegados de prevención deberán posuír a condición de persoal civil e deberán estar destinados nos propios centros, e tamén se modifica a súa designación.

No artigo 6 inclúese o crédito horario dos delegados de prevención que non sexan representantes de persoal e considéranse como tempo de traballo efectivo novos supostos, como as visitas de acompañamento aos técnicos nas avaliacións de carácter preventivo do ambiente de traballo.

Por último, no artigo 7 inclúese como novidade principal a posibilidade de crear dous tipos de comités de seguridade e saúde, como son os comités unitarios para unha única dependencia e os comités agrupados para o conxunto das dependencias existentes nunha mesma provincia que dispoñan de 50 ou máis empregados públicos en total.

Así mesmo, modifícase a disposición derradeira primeira, que faculta o ministro de Defensa para ditar cantas disposicións sexan necesarias para desenvolver o real decreto.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as organizacións sindicais máis representativas e foi oída a Comisión Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo.

Por todo o anterior, este proxecto de real decreto adécuase aos principios de boa regulación, conforme os cales deben actuar as administracións públicas no exercicio da

iniciativa legislativa e da potestade regulamentaria, como son os principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia previstos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Conforme o artigo 25 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, este real decreto consta incluído no plan anual normativo de 2018.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Defensa e do ministro de Facenda e Función Pública, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 9 de febreiro de 2018,

DISPOÑO:

**Artigo único.** *Modificación do Real decreto 1932/1998, do 11 de setembro, de adaptación dos capítulos III e V da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, ao ámbito dos centros e establecementos militares.*

O Real decreto 1932/1998, do 11 de setembro, de adaptación dos capítulos III e V da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, ao ámbito dos centros e establecementos militares, queda modificado como segue:

Un. O artigo 4 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 4. *Delegados de prevención.*

1. Os delegados de prevención son os representantes do persoal civil con funcións específicas en materia de prevención de riscos no traballo e deberán posuír a condición de persoal civil destinado nos propios centros e establecementos do Ministerio de Defensa.

2. O ámbito para o cal se exercerá a representación en materia preventiva será o do conxunto do persoal funcionario, laboral e estatutario destinado en cada centro ou conxunto de establecementos militares para o cal se poida constituír un comité de seguridade e saúde, segundo o previsto no artigo 7.2 deste real decreto.

3. Con carácter xeral, os delegados de prevención serán designados polos representantes do persoal con presenza nos ámbitos dos órganos de representación do persoal e entre, por unha banda, aqueles funcionarios e persoal estatutario que sexan membros da xunta de persoal correspondente e, por outra, os representantes do persoal laboral membros do comité de empresa ou delegados de persoal.

4. O número de delegados de prevención que poderán ser designados para o total do persoal adscrito a un centro ou establecemento militar axustarase estritamente á escala establecida no artigo 35.2 da Lei 31/1995, do 8 de novembro. O número resultante da aplicación da dita escala ao total do persoal distribuirase, posteriormente, entre o persoal funcionario e estatutario, dun lado, e o persoal laboral, doutro, de maneira proporcional ao volume de cada colectivo, co fin de determinar o número deles cuxa elección corresponda á xunta de persoal ou ao comité de empresa.

5. Cando o número de representantes de persoal nun determinado ámbito sexa insuficiente para acadar o número de delegados de prevención que se deba designar segundo o disposto no artigo 35.2 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, os representantes de persoal ou os propios traballadores poderán designar como delegados de prevención, por esta orde:

a) Outros integrantes do persoal civil, que poderán ser elixidos polas centrais sindicais entre delegados sindicais do ámbito de que se trate, de maneira proporcional á súa representatividade nel.

b) Outros integrantes do persoal civil destinados no centro ou establecemento militar de que se trate, mesmo cando non teñan a condición de membros de órganos de representación ou de delegados de persoal. Gardarase sempre a proporción

senalada na letra anterior e respectarase o previsto no artigo 35.4 da citada Lei 31/1995, do 8 de novembro.»

Dous. Os números 1, 2 e 3 do artigo 6 quedan redactados do seguinte modo:

«1. Os delegados de prevención, sexa cal sexa o sistema polo cal fosen designados, gozarán no exercicio das súas funcións das garantías inherentes á súa condición representativa.

O tempo utilizado polos delegados de prevención para desempeñar as ditas competencias e facultades será considerado como de exercicio de funcións de representación, para os efectos de utilización do crédito de horas mensuais retribuídas previsto no artigo 68.e) do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, no artigo 41.d) do texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, e no artigo 10.3 da Lei orgánica 11/1985, do 2 de agosto, de liberdade sindical. O dito crédito horario será o que lles corresponde pola súa condición previa de membros de xuntas de persoal, de comités de empresa ou de delegados de persoal ou, de ser o caso, de delegados sindicais, sen que existan créditos engadidos, propios nin adicionais, pola súa condición específica de delegados de prevención.

2. Os delegados de prevención, no suposto de non seren representantes do persoal, terán no desempeño das súas funcións as garantías establecidas legalmente para estes no artigo 41 do texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, se son persoal funcionario civil, e no artigo 68 a), b), c) e d) e 56.4 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, se son persoal laboral, e se non contan con outro tipo de crédito horario, garantiráselles o tempo necesario para realizar as súas funcións como delegados de prevención, nos termos en que se acorde na negociación colectiva e cun tope equivalente ao crédito horario de que dispoñen os delegados de prevención que son previamente representantes dos traballadores.

3. Será considerado, en todo caso como tempo de traballo efectivo, sen imputación ao crédito horario, o correspondente ás reunións do Comité de Seguridade e Saúde e calquera outra convocada pola Administración en materia de prevención de riscos laborais, así como o destinado ás visitas previstas no artigo 36.2 a) e c) da Lei 31/1995, do 8 de novembro. Ademais, será igualmente considerado como tempo de traballo efectivo, sen imputación ao crédito horario, o que dediquen os delegados de prevención ás actuacións derivadas da aplicación dos protocolos de acoso existentes no Ministerio de Defensa, sempre que as ditas actividades estean previstas neles, fosen formalmente solicitadas por algún dos afectados ou se realicen por instancia da instrución do caso de que se trate.»

Tres. O artigo 7 queda redactado como segue:

«Artigo 7. *Comité de Seguridade e Saúde.*

1. O Comité de Seguridade e Saúde é o órgano paritario e colexiado de participación, destinado á consulta regular e periódica das actuacións do Ministerio de Defensa en materia de prevención de riscos laborais.

2. Nos centros ou establecementos militares que conten con 50 ou máis empregados civís constituirase un comité de seguridade e saúde integrado polos delegados de prevención e por representantes do Ministerio de Defensa, designados pola Dirección Xeral de Persoal, en igual número ao de delegados de prevención. A constitución dos comités de seguridade e saúde adoptará unha das dúas modalidades seguintes segundo cal sexa o seu ámbito de representación:

a) Comités unitarios, para unha única dependencia, presididos polo xefe do centro ou establecemento militar ou persoal en quen este delegue, naquelas

dependencias en que 50 ou máis persoas realicen tarefas do anexo I do Regulamento dos servizos de prevención, así como nas sedes centrais de cada un dos tres exércitos e do Ministerio de Defensa.

b) Comités agrupados, para o conxunto das dependencias existentes nunha mesma provincia que dispoñan de 50 ou máis empregados públicos en total, en cada caso, e presididos polo subdelegado de defensa ou por aquel en quen delegue.

3. Nas reunións do Comité de Seguridade e Saúde poderán participar, con voz pero sen voto, os delegados sindicais do centro ou establecemento militar que non sexan ademais delegados de prevención, os asesores sindicais, se é o caso, e os responsables técnicos de prevención no ámbito correspondente. Os ditos responsables técnicos non poderán, en consecuencia, formar parte do comité como representantes exclusivos da Administración.

Nas mesmas condicións poderá participar o persoal que conte cunha especial cualificación ou información respecto de cuestións concretas que se debatan neste órgano e técnicos en prevención alleos á Administración xeral do Estado, sempre que así o solicite algunha das representacións do comité.

4. O Comité de Seguridade e Saúde reunirse trimestralmente e cando, existindo causa grave e urxente, o solicite algunha das representacións neste. O comité adoptará as súas propias normas de funcionamento.»

Catro. A disposición derradeira primeira queda redactada como segue:

«Disposición derradeira primeira. *Facultades de desenvolvemento.*

Facúltase o ministro de Defensa, logo de consulta ao ministro de Facenda e Función Pública e ao ministro de Emprego e Seguridade Social, para ditar cantas disposicións sexan necesarias para desenvolver este real decreto.»

**Disposición adicional única.** *Non incremento do gasto público.*

As medidas incluídas nesta norma non poderán supor incremento de dotacións nin de retribucións nin doutros gastos de persoal.

**Disposición derradeira única.** *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 9 de febreiro de 2018.

FELIPE R.

A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia  
e para as Administracións Territoriais,  
SORAYA SÁENZ DE SANTAMARÍA ANTÓN